

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Exencións subxectivas.

1. Estarán exentos os contribuíntes beneficiarios do RISGA (Renda de Integración Social de Galicia) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado, así como aqueles que xustifiquen que os ingresos anuais globais da unidade familiar á que pertencen é inferior ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples). Nembargante, non procederá exención cando o suxeito pasivo, estivese amparado por un seguro que cubrise os gastos derivados da intervención dos servizos do consorcio.

2. Os suxeitos pasivos que estean na/s situacions descritas no apartado anterior, deberán solicitalo por escrito ao consorcio, acompañando a documentación acreditativa das circunstancias nas que se fundamenta dita exención. O prazo para solicitar a exención será do máximo dun mes, contado desde a data da intervención dos efectivos do servizo.

3. Fóra dos supostos indicados non serán aplicables outros beneficios fiscais, salvo os que estean expresamente amparados en normas con rango de lei e os derivados de tratados internacionais.

Artigo 6º. Cota Tributaria.

1. A cota tributaria cando se trata da “prestación do servizo de extinción de incendios e salvamentos” determinarase en función do número de efectivos, dos materiais empregados na prestación do servizo, o tempo invertido nesta e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen e, no seu caso, polas especiais incidencias na prestación do servizo, tal e como figura no apartado seguinte.

Aos efectos anteriores, aplicaranse a seguinte Tarifas:

VEHÍCULOS	BUL- Bomba Urbana Lixeira	50 €/h ou fracción
	BNP- Bomba Nodriza Pesada	50 €/h ou fracción
	Escala-Vehículo de altura	60 €/h ou fracción
	Pick-up	
	Vehículos lixeiros	35 €/h ou fracción
	Furgón servizos varios	40 €/h ou fracción
PERSONAL	Bombeiro	18 €/h ou fracción
	Cabo-Xefe de Quenda	22 €/h ou fracción
	Saxento-Xefe do Servizo	25 €/h ou fracción
	Suboficial	28 €/h ou fracción
EQUIPOS	Equipos ERAS (Respiración autónoma)	24 € / unidad
	Extintores	40 € / unidad
	Mangueiras e Accesorios	15 € / tramo
	Xerador de Espuma	30 €/h ou fracción
	Xerador eléctrico	35 €/h ou fracción
	Equipo submarinismo	50 €/h ou fracción
	Lancha rescate e salvamento	40 €/h ou fracción
	Detector gases	20 €/h ou fracción
	Bomba achique	25 €/h ou fracción
	Equipo rescate altura/subsolo	30 €/h ou fracción
	Equipo de excarceración	85 €/h ou fracción
MATERIAL	Recarga Aire Comprimido ERA	12 € / unidad
	Espumoxeno	10 € / litro
	Absorbente	15 € / Kg.
	Dispersante	8 € / litro
QUILOMETRAXE	Quilómetro (contabilizarase ida e volta)	1 € / Km.
TARIFA MÍNIMA	Prestación de servizos tales como desconexión de alarmas, apertura de portas, retirada de elementos arquitectónicos que ameacen ruína e outros similares, salvo que, da liquidación dos elementos persoais e materiais utilizados resulte unha cota superior.	1 € /Km

2. No suposto de “expedición de documentos administrativos e de determinadas actividades administrativas” segúndo o previsto polo parágrafo 3 do artigo 24 do devandito Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, a cota tributaria consistirá na cantidade resultante da aplicación das tarifas seguintes: